



TOURMARIÑA 2017

CIRCUITO DE VERANO DE CARRERAS POPULARES
POR LAS PLAYAS LUCENSES

**be
one**
FITNESS & SPORT



 **SERVI
OCIO**



REGLAMENTO

CCNORTE
SPORTS TIMING



TOUR MARIÑA 2017

CIRCUITO DE VERANO DE CARRERAS POPULARES
POR LAS PLAYAS LUCENSES

REGULAMENTO TOUR MARIÑA BeOne-Serviocio 2017

1. DATA E LUGAR

O Tour Mariña BeOne-Serviocio é un Circuito de Verán de Carreiras Populares pola Costa de Lugo que está integrado por **8** carreiras.

É preciso participar en **5** carreiras para entrar na clasificación xeral ou, en caso de participar en todas, desestimaranse os peores resultados. Nesta edición 2017 só haberá premios de fidelidades e participación para as categorías absolutas.

2. PROBAS E DATAS

22/07/2017 - Carreira Popular Burela Bonita
29/07/2017 - Milla Urbana Concello Lourenzá
06/08/2017 - RunFozRun
10/08/2017 - Carrera Popular de Viveiro Adrián Ben
02/09/2017 - Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo
10/09/2017 - Benquerencia Terra Mar
23/09/2017 - Alas de Vida Burela (Recorrido de 7 km)
01/10/2017 - Val das Fabas Lourenzá

3. PARTICIPANTES

As categorías son as seguintes:

- >18 AÑOS: 1998 /1999 (18 ANOS CUMPRIDOS A DATA DA PRIMEIRA PROBA DO TOUR)
- PROMESA: 1995 / 1996 / 1997
- SENIOR: 1983 ATA 1994
- VETERANOS A : 1973 ATA 1982
- VETERANOS B : 1963 ATA 1972
- VETERANOS C: 1953 ATA 1962
- VETERANOS D: 1952 E ANOS ANTERIORES

Poderán participar atletas federados e non federados.
Deberán atender en todo momento as indicacións da Organización.

4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse na páxina web **www.championchipnorte.com** facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.

A inscrición no circuito será gratuíta para tódalas categorías

É obrigatorio inscribirse no circuito para puntuar. A inscrición en cada unha das carreiras deberá facerse seguindo o procedemento que figure no regulamento de cada carreira. É obrigatorio levar o chip na zapatilla e o dorsal no peito.

Todos os participantes coa súa inscrición aceptan integramente o presente regulamento e autorizan á Organización para poder facer uso das imaxes do eventos.





TOUR MARIÑA 2017

CIRCUITO DE VERANO DE CARRERAS POPULARES
POR LAS PLAYAS LUCENSES

5. CLASIFICACIÓN E PREMIOS

A puntuación en cada carreira correspóndese **co ritmo (en milisegundos) dividido pola distancia en metros**, de maneira que os/as que teñan menos puntos serán os/as primeiros/as clasificados/as.

En caso de empate terase en conta o número de probas nas que clasificase e se persistise o empate, terase en conta a puntuación obtida na última proba do Tour Mariña BeOne-Serviocio. Todos os que estén na Clasificación Xeral por participar en 5 carreiras recibirán un agasallo conmemorativo do evento coa imaxe do Tour e os/as tres primeiros/as de cada categoría recibirán un distintivo en Podium.

Clasificación **Xeral Individual**: masculina e feminina.

- 1º/1ª clasificado/a: Trofeo.
- 2º/2ª clasificado/a: Trofeo.
- 3º/3ª clasificado/a: Trofeo.

Os trofeos e agasallos entregaranse na derradeira proba do Tour. Non se gardarán trofeos e agasallos aos non asistentes ese día.

6. RESPONSABILIDADE

Todos os inscritos participan voluntariamente baixo a súa responsabilidade e admiten gozar dun nivel de condición física suficiente para afrontar todas as carreiras.

Recoméndase aos participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.

7. DESCUALIFICACIÓN

- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
- Non seguir a sinalización específica de cada carreira (vallas, cintas...) ou as directrices do persoal que intervéñen na Organización, que irá debidamente identificado.
- Non completar todo o percorrido ou non pasar os controis de cada carreira.
- Non levar dorsal ou manipulalo.
- Falsificar datos persoais.
- A suplantación de identidade.
- Utilizar vehículos de axuda ou mesmo bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares.
- Ir acompañado doutras persoas que non sexan participantes inscritos na proba.
- Cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros atletas ou para o desenvolvemento das probas.





TOURMARIÑA 2017

CIRCUITO DE VERANO DE CARRERAS POPULARES
POR LAS PLAYAS LUCENSES

- Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que a Organización considere que é motivo de descalificación.

8. RECLAMACIÓN

As reclamacións sobre as clasificacións do Circuito deberán ser comunicadas enviando un mail a consulta@championchipnorte.com

O presente regulamento pode ser modificado para a súa mellora por parte da Organización.

